

MAIOS 2023


Allariz, venres 28 de abril

Programa de Actos

Ás 11:30h chegaranse os Maios ata a Alameda onde permanecerán expostos durante a fin de semana.

De 11:30h a 13:30h canto de Coplas na Alameda segundo vaian chegando os/as participantes.

O acto conta co acompañamento musical do Grupo de Gaitas De Pé Feito.



BASES CONCURSO DE MAIOS

- 1.- A **participación** está aberta ao público en xeral e para facela efectiva hai que formalizar a **inscrición**, na **Casa da Cultura**.
- 2.- Poden inscribirse individualmente ou como grupo.
- 3.- O prazo de **inscrición** termina o día **26 de abril**.
- 4.- Establécense os seguintes **premios** en cada unha das **modalidades**:
 - 1º Premio 50 €.
 - 2º Premio 40 €.
 - 3º Premio 30 €.
- 5.- Os maios estarán construídos cos **materiais** que nos dita a tradición: madeira, arpilleira ou tea de saco, cravos, arame, musgo, bugallos, xestas e flores.
- 6.- Para fixar o musgo á arpilleira, coserase con agulla e fío, segundo a tradición.
- 7.- O **Xurado** estará composto por 3 persoas designadas pola Concellería de Cultura do Concello de Allariz.
- 8.- Os maios trasladaranse o día 28 de abril a partir das 11h30 á Alameda, onde quedarán expostos durante a fin de semana.
- 9.- A participación neste concurso leva implícita a **aceptación** das presentes **bases**.

BASES CONCURSO DE COPLAS

- 1.- Establécense dúas categorías diferentes:
 - * **Coplas de nenos e nenas**, de 3 a 11 anos.
 - * **Coplas de maiores**, de 12 anos en adiante.
- 2.- Para participar no concurso de coplas téñense que inscribir como grupo, **mínimo 8 persoas**.
- 3.- O prazo de **inscrición** termina o día **26 de abril**. Para formalizala hai que entregar unha copia das coplas mecanografadas a dobre espazo na **Casa da Cultura**.
- 4.- Presentaranse un **mínimo de 12 estrofas** seguindo a tradición, é dicir, compostas de catro versos de arte menor de seis ou oito sílabas cada verso, rimando cando menos a segunda coa cuarta.
- 5.- Establécense os seguintes premios en cada unha das **categorías**:
 - 1º Premio 50 €.
 - 2º Premio 40 €.
 - 3º Premio 30 €.
- 6.- O **Xurado** será designado pola Concellería de Cultura do Concello de Allariz.
- 7.- As coplas deberán ser **cantadas o día 28 de abril (elixiranse 6 coplas)**, a partir das 11h30 na Alameda. O veredicto do xurado farase público o día 3 de maio a través das canles habituais que emprega o concello.